

Os universitarios composteláns aprenden con Renault como gastar menos combustible e coidar o medio usando marchas longas e pasando de segunda a cuarta

CERO EN CONDUCCIÓN VERDE

AS PROBAS RAÍÑA SON A FREADA DE EMERXENCIA E O SIMULADOR PARA MEDIR O AFORRO

M.J.Cebro - Santiago

Como hai lustros que quito o carné de conducir e vin un anuncio que animaba os universitarios composteláns a facer un curso sobre "boas prácticas" ó volante, alá fun onde á maná ó campus santiagués a demostrar que tipo de condutora son.

Baixo a premisa da seguridade e da condución ecolóxica, o Programa Universitario Renault de Medio Ambiente e Seguridade Viaria convoca a todos os mozos da USC ó tráiler que asentou no campus sur para participar ata mañá venres nun cursoño gratuito no que aprenderán normas básicas de protección no habitáculo e para optimizar a condución, coidando o coche, aforrando combustible e contaminando menos.

E logo, levar toda esa teoría á práctica. O bordo do último modelo de Twingo, e baixo as instrucións dun monitor, todos os que se queiran achegar poderán poñer a proba a súa pericia nun circuito instalado na chaira dos colexios maiores.

O primeiro bloque temático é o da ergonomía. Empezamos corrixindo vicios ó sentar: sempre co cinto, o lombo recto e apoiado no asento e, "co embrague pisado ata o fondo", comprobar a correcta flexión de pernas "para non azromper en caso de golpe", coas mans "sempre! no guiador en posición de dúas menos dez ou tres menos cuarto... comezamos as instrucións de Andrea González, unha das monitoras de condución.

Segundo paso: poñer o coche en marcha -tras superar varias caladas, que serán recorrenes ó longo de toda a proba, "claro, estás acostuada ó teu e cada coche é distinto", tranquilízame Andrea- e dirixirnos a un slalom para practicar o relevo das mans ó volante: relevos amplos, nada de curzar un brazo co cutro, nada de coller o volante polo interior, nada de xirar o guiador cunha soa man!...

Suavizada esta zigzagueante proba pasamos a outra máis adrenalinica: a freada de emerxencia. Trátase de comprobar como os freos ABS permiten cravar freo e embrague ó tempo que viramos para salvar un obstáculo. As instrucións son doadas e dispoñíome a seguir: arrancar "a tope" en primeira, pasar deseguido a segunda, seguir acelerando e ós poucos metros cravar os pés no freo e máis no embrague "ata levantar o cu do asento" para non espetarnos cunha parede que



Unha moza realizando unha das probas do circuito instalado no campus sur da Universidade de Santiago



As fotos dos participantes nos cursos tentan borrar simbolicamente co aprendizaxe o accidente sinistrado

esta enfronte e que temos que esquivar. O meu primeiro intento sae mal: cando vexo a parede ó fronte cravo o coche e aí o deixo. Volvo tentalo e vouvo frear demasiado cedo, e así unha terceira vez.

Ata que AnJrea, a monitora, se pon ós mandos: arrinca a tope, acelera a tope, frea a tope e esquivaa a tope. Salvamos a vida. O corazón pégame un brinco e ós espectadores pouco lles faltou para pórse a aplaudir. Entrementes, os de tele gravando a certaíra manobra da monitora e a miña cara de susto no asento do copiloto.

Esta parte do curso terei que practicarla máis.

Logo pasamos a outro circuito no que a monitora non para de facerme preguntas: corenta e cinco menos tres?, máis cinco?, menos catro?...

O acabar, Andrea preguntoume se todos os conatos eran iguais -non o sei-, se había sinais de tráfico -creo que non-... Conclusión: por atender ás preguntas, nin vin sinais de stop nin vin as marxes da vía. "O mesmo pasa se nos distraemos co móbil, cambiando un cd ou mesmo faiando e non digamos discutindo. Podemos saltar senáforos, sinais de stop...", explica a monitora. Hai que estar ó que se está.

A cuarta parte da proba é saír á estrada e practicar de verdade a condución eficiente, "que pode supor 20% de aforro en combustible", di a monitora, algo que lles interesa moito ós estudantes. "que sempre van xustos de presuposto". Canto máis longa sexa a marcha menos se consume -sempre que non se acelere-, mellor cambiar de segunda a cuarta e de terceira a quinta -sempre que o permitan as condicións de seguridade-. "Pois eu sempre cambiaba de unha en unha, así e como mo ensenaron na autoescola. E para reducir, igua", quexíome.

E, por último, condución virtual nun simulador que nos examinará do aprendido e medirá o impacto da nosa condución no medio.

"Embra, mellor marchas longas", corríxeme a monitora ante a miña teima en ir a 30 por hora en terceira. "Poces ir máis rápido e pasar de terceira a quinta", suxíreme. "Pero estamos nunha vía urbana, e ademais eu só meto quinta en autoestrada", respondo. "Pero isto é virtual, podes acelerar ata cincuenta e animarte coa quinta máis", suxíreme a monitora. Non me atrevo.

O resultado da proba é "regular". "Aforrac'es combustible, pero por que ías moi lenta. A túa nota é -40". A moza que fixo a proba despois camin e morto mellor condutora. Ela saca un "ben" e consegue 15 puntos. Non esta mal, axudara a combater o cambio climático. E a seguireino tentando.●

DATOS DE INTERÉS

Ata mañá venres ás seis e media

"Xeración Twingo" chega a Santiago dentro nunha xira por 14 cidades españolas. Estará instalado no campus sur ata mañá venres, en horario ininterrompido de 10.30 a 18.30. É unha iniciativa de Renault, a Fundación Eccus e a Dirección Xeral de Tráfico, coa colaboración do Instituto de Desenvolvemento para a Diversificación e Aforro de Enerxía.

Todo o mundo é benvido

A campaña dirixese ós universitarios, que "cobren unha taxa de idade na que a maioría da poboación saca o carné. Amais entre os 25 e os 34 anos rexistráronse o maior número de vítimas de tráfico", explica Javier Máquez, coordinador de Xeración Twingo. "Pero todo o mundo é benvido e se feito veñer profesores de autoescola, policias municipais, transportistas...

O transporte gasta o 15% da enerxía

O coche consome o 15% da enerxía total consumida en España e o 29% das emisións totais de CO₂, do que a súa parte provén do transporte. Fronte a estes datos, Renault lembra que circulan máis de 20 millóns de coches en marcha en España sen acelerar o consumo de carburante é cero. En cambio, a ralenti o coche consume entre 0,5 e 0,7 litros/ho.